

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de decembro do 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

#### **10.- Propostas de adxudicación**

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 polo que se exclúe a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. deste procedemento por exceder o importe da súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 14.2 do PCAP).*

*Segundo.- Excluír deste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificando porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de decembro de 2018.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	95,08
2	ORECO, S.A.	60,76



Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., o día 21 de decembro de 2018 que presenta a documentación requirida o 21 e o 27 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de novembro e 18 de decembro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) por un*



prezo total de 231.812,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 40.231,95 euros.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/01/2019 12:38	Páxina 3 de 3
Expediente 78/441	CSV: 25E65E-C6E7D2-AA58AE-D2QPR6-SRQ23K-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		